

ACORDO SOBRE O PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR DE RACIONALIZACIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS

Proposta para o Consello de Goberno do 30 de xuño do 2015

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No Consello de Goberno do pasado 28 de maio, a equipa de goberno informou da súa vontade de impulsar a elaboración dun Plan Director de Racionalización de Centros e Departamentos.

As **razóns** que xustificaban esta iniciativa sobre o impulso dun Plan Director eran:

- O tempo transcorrido desde a creación da UDC no ano 1989, así como a singular agregación de centros e departamentos producida desde entón.
- Os cambios institucionais e legais acaecidos no ámbito das estruturas universitarias como consecuencia da LOU e a súa reforma no ano 2007.
- A situación económico-orzamentaria que atravesamos o sistema universitario galego.
- O escenario de crecente competencia na captación de estudantes e proxectos de investigación e transferencia.
- O retos de mellora da eficiencia marcados polo Plan Estratéxico UDC 2020.

Como **obxectivos** deste Plan Director, sinaláronse os de

- Reflexionar estratéxicamente sobre os criterios de simplificación de estruturas administrativas da Universidade da Coruña, eliminando duplicidades innecesarias.
- Aproveitar de xeito máis eficiente os recursos orzamentarios disponibles.
- Axeitar as estruturas organizativas da docencia e a investigación á oferta de titulacións de grao e mestrado, así como aos procesos de acreditación de centros.

En canto ao **procedemento de elaboración**, sinalouse a importancia de

satisfacer os criterios de participación e transparencia, polo que se anunciou que, tras unha ronda de diálogo cos centros e departamentos potencialmente afectados, se levaría unha proposta de acordo ao Consello de Goberno sobre a elaboración do Plan Director.

SEGUNDO.- Como consecuencia do diálogo aberto cos centros e departamentos sinalados, fóronse achegando un conxunto de alegacións e reflexións sobre a oportunidade da fusión de centros e departamentos, que enriqueceron o debate.

Á vista das anteriores alegacións e debates, procede formularlle ao Consello de Goberno a seguinte **proposta de ACORDO sobre o procedemento de elaboración do Plan Director de Racionalización de Centros e Departamentos**.

1º. De conformidade cos artigos 18 e 19 do vixente Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, delégase na Comisión mixta sinalada na alínea segunda deste acordo o estudo e elaboración dunha proposta de Plan Director de Racionalización de Centros e Departamentos (en diante, PDRCD).

2º. A Comisión mixta delegada do Consello de Goberno estará integrada polos membros da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) e da Comisión de Asuntos Económicos (CAE).

3º.- A presidencia da Comisión Mixta corresponderalle ao vicerreitor de profesorado e planificación docente, asumindo as funcións de secretaría o secretario xeral.

4º.- Nos traballos da Comisión Mixta garantirase a audiencia dos centros e departamentos.